



CIRCULAR 55-2018.- CAMPIONATOS DE GALICIA PROMESA/SUB23 e JUNIOR/SUB20.- Ferrol, 10 xuño 2018.

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os asembleístas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

Art.1) A F.G.A. organiza o día 10 de xuño os Campionatos de Galicia Promesa/Sub23 e Junior/Sub20 de pista ao aire libre nas pistas de A Malata en Ferrol en xornada de mañá e tarde.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que acrediten as marcas mínimas esixidas e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2017/18) por algún Club pertencente a Galicia.
 2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
 3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 5 de xuño do 2018.** Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións.

Art.4) Os tres primeiros atletas de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.5) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, agás a pértiga, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.6) Ao longo do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que habéndose clasificado nas eliminatorias ou series non participe na seguinte ou ben téndose confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida.

Art.7) Se nalgunha das probas nas que está previsto realizar series clasificatorias, non se presentaran a confirmar o número mínimo preciso para a súa realización, suspenderase a celebración das mesmas e disputarase a seguinte fase á hora prevista.

Art.8) En tódalas carreiras, a confección de series realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada ou, no seu defecto, en relación á tempada anterior. Antes da saída, o xuíz da proba comunicará ós participantes o sistema de clasificación para a seguinte rolda caso de que a houbera.

Art. 9) Horario provisional (publicarase o horario definitivo xunto cas inscricións aceptadas)



XORNADA DE MAÑÁ

| | | | | | | |
|--------------|----------|----------------------|--------------|-----------------|----------|-------|
| 5.000 marcha | H-M **** | FINAL | 10:30 | Martelo 6-2,760 | HOMES | FINAL |
| 5.000 | MULLERES | FINAL SUB 23 | 11:10 | Triplo | MULLERES | FINAL |
| | | | 11:30 | Pértega | HOMES | FINAL |
| | | | | Altura | MULLERES | FINAL |
| 5.000 | HOMES | FINAL SUB 23/ SUB 20 | 11:40 | Martelo 4 | MULLERES | FINAL |
| 400 v * | HOMES | FINAIS SUB 23/SUB 20 | 12:05 | | | |
| 400 v * | MULLERES | FINAIS SUB 23/SUB 20 | 12:20 | | | |
| 100** | MULLERES | Semifinal | 12:35 | Peso 6-7,260 | HOMES | FINAL |
| | | | | Triplo | HOMES | FINAL |
| 100** | HOMES | Semifinal | 12:50 | Xavelina 800 | HOMES | FINAL |
| 400 * | MULLERES | FINAL SUB 23/ SUB 20 | 13:10 | | | |
| 400 * | HOMES | FINAL SUB 23/ SUB 20 | 13:25 | | | |
| 800 *** | MULLERES | FINAL (1-2) | 13:40 | | | |
| 800 *** | HOMES | FINAL (1-2) | 13:55 | | | |
| 100 | MULLERES | FINAL SUB 23 | 14:05 | | | |
| | | FINAL SUB 20 | 14:10 | | | |
| 100 | HOMES | FINAL SUB 23 | 14:15 | | | |
| | | FINAL SUB 20 | 14:20 | | | |

XORNADA DE TARDE

| | | | | | | |
|-----------------|----------|----------------------|--------------|--------------|----------|------------|
| | | | 16:55 | Xavelina 600 | MULLERES | FINAL |
| 110 v* | HOMES | FINAL SUB 23 | 17:00 | Altura | HOMES | FINAL |
| | | | 17:05 | Pértega | MULLERES | FINAL |
| 110v* | | FINAL SUB 20 | 17:10 | Lonxitude | MULLERES | Final Jn-P |
| 100 v* | MULLERES | FINAL SUB 23 | 17:20 | | | |
| 100 v* | | FINAL SUB 20 | 17:30 | | | |
| 1.500 *** | MULLERES | FINAL SUB 23/ SUB 20 | 17:45 | | | |
| 1.500 *** | HOMES | FINAL SUB 23/ SUB 20 | 17:55 | Disco | HOMES | FINAL |
| | | | | Peso 4 Kg | MULLERES | FINAL |
| 200 | MULLERES | FINAL SUB 23 | 18:10 | | | |
| | | FINAL SUB 20 | 18:17 | | | |
| 200 | HOMES | FINAL SUB 23 | 18:24 | | | |
| | | FINAL SUB 20 | 18:30 | | | |
| 3000 Obstáculos | HOMES | FINAL SUB 23/ SUB 20 | 18:40 | Lonxitude | HOMES | Final Jn-P |
| 3000 Obstáculos | MULLERES | FINAL SUB 23/ SUB 20 | 19:00 | | | |
| 3000 | MULLERES | FINAL SUB 20 | 19:25 | Disco | MULLERES | FINAL |

(*) En caso de haber máis de oito inscritos celebraríanse Final A-B

(**) Só se programarán as semifinais en aquelas categorías con máis de 8 inscritos.

(***) Unha ou dúas en función dos inscritos por categorías

(****) En función das inscricións, poderá separarse por categorías.

SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 10min antes da hora oficial da proba

Carreiras valadas: 15min antes da hora oficial da proba

Concursos (agás pértega): 30min antes da hora oficial da proba

Pértega: 45min antes da hora oficial da proba

* Entrada en cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial á pista.

* Os atletas terán a obrigación de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou gardada



Art.10) Marcas Mínimas

| HOMES | | | MULLERES | | |
|---------------------|------------------|-----------------|---------------------|------------------|-----------------|
| | PROMESA Sub23 | JUNIOR Sub20 | | PROMESA Sub23 | JUNIOR Sub20 |
| 100 | 12.00 | 11.90 | 100 | 13.80 | 13.90 |
| 200 | 25.00 | 24.10 | 200 | 29.50 | 28.20 |
| 400 | 55.00 | 55.00 | 400 | 1.12.00 | 1.11.00 |
| 800 | 2.04.00 | 2.04.00 | 800 | 2.35.00 | 2.35.00 |
| 1.500 | 4.17.00 | 4.30.00 | 1.500 | 5.30.00 | 5.13.00 |
| 110 v | 18.00 | 18.50 | 100 v | 19.00 | 19.50 |
| 400v | 1.04.00 | 1.05.00 | 400 v. | 1.15.00 | 1.16.00 |
| 3.000 Obs. | 10.45.00 | (1) | 3.000 Obs. | 13.15.00 | 13.15.00 |
| 5.000 | 16.30.00 | (1) | 5.000 | 19.30.00 | 19.30.00 |
| 5.000 marcha | 29.00.00 | 29.00.00 | 5.000 marcha | 32.00.00 | 31.00.00 |
| Lonxitude | 6.00 | 5.80 | Lonxitude | 4.80 | 4.80 |
| Triplo Salto | 11.50 | 12.00 | Triplo Salto | 10.30 | 10.30 |
| Altura | 1.65 | 1.65 | Altura | 1.48 | 1.46 |
| Pértega | 3.30 | 3.20 | Pértega | 2.50 | 2.50 |
| Peso | SM | SM | Peso | SM | SM |
| Disco | SM | SM | Disco | SM | SM |
| Xavelina | SM | SM | Xavelina | SM | SM |
| Martelo | SM | SM | Martelo | SM | SM |

*(SM) Sen marca mínima. Participarán as 12 millores marcas acreditadas

Art.11) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.12) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, coas normas da F.G.A., R.F.E.A e I.A.A.F.

A Coruña, 24 de maio de 2018



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo